

# Concurso de PARODIAS FEITO NA CASA



## BASES

Con motivo da celebración do **Entroido 2022** o Concello de Sanxenxo convoca o concurso de Parodias Feito na Casa, no que os participantes deberán representar e escenificar situacións, feitos da vida cotiá, de actualidade, etc... con humor e enxeño en función das seguintes bases:

1. **Obxectivo:** Estimular á poboación na creatividade e promoción do Entroido, así como a dinamización do comercio e restauración.

2. **Data de realización:** domingo 6 de marzo na Praza dos Barcos (en caso de choiva Auditorio Emilia Pardo Bazán):  
- Infantil: 17.00h  
- Adultos: 18.30h

3. **Inscrición:** ábrese o día 17 de febreiro ás 09.00h e rematará o día 4 de marzo ás 12.00h. Deberá cumprimentarse o formulario de inscrición debidamente. A inscrición de participantes menores de idade deberá facela e estar asinada polo seu pai/nai/titor/a.

### 4. Categorias de participación:

- **Infantil:** Todos/as participantes nados a partir do 1 de xaneiro de 2010, con dúas modalidades:

Individual ou parella.

Grupos de tres ou mais persoas.

(Deberán estar formados por un 75% de nenos/as).

- **Adultos e mixto:** participantes de 13 anos en diante (nados antes do 1 de xaneiro de 2010),

Individuais ou parella.

Grupos de tres ou mais persoas.

(Polo menos o 75% maiores de 13 anos).

5. **Premios.** Concederanse 16 premios aos mellores parodias por valor de 2.350€ en total:

### CATEGORÍA INFANTIL (750€ en premios).

Modalidade individual ou parella:

**Premio único de 100€**

**3 accésit de 50€**

Modalidade 3 ou máis persoas:

**Premio único de 200€**

**3 accésit de 100€**

### CATEGORÍA ADULTO E MIXTO (1600€ en premios).

Modalidade individual ou parella:

**Premio único de 200 €.**

**3 accésit de 100 €.**

Modalidade 3 ou máis persoas:

**Premio único de 500 €.**

**3 accésit de 200 €.**

Os membros do xurado serán nomeados polo O. A. Terra de Sanxenxo, puntuarán de 1 a 5 puntos os seguintes criterios:

-Orixinalidade do disface

-Posta en escena

-Aderezo

O xurado valorará a todas as persoas participantes durante a súa actuación en directo. Outorgará un premio único e 3 accésit por modalidade.

A organización resérvase o dereito de declarar como "deserta" algunha das categorías ou de modificar o número de premios se non se acadan un mínimo de 5 participantes en cada categoría ou se non se considera que cumpran os criterios nos que se basea este concurso.

Os premios daranse a coñecer o día 6 de marzo, unha vez rematadas as actuacións de cada categoría coas súas respectivas modalidades.

Os premios consisten en vales de compra nos establecementos comerciais e de restauración do Concello de Sanxenxo que aparecen no listado anexo contando coa implicación de CCU Entretendas, Asoc. Rúa dos Viños de Portonovo, Asoc. O Can de San Roque e Consorcio de Empresarios Turísticos de Sanxenxo. O gasto mínimo a facer en cada establecemento será de 25 €. Os vales de compra utilizaranse antes do 30 de xuño (no caso de que a situación epidemiolóxica ou calquera outra causa o impida, comunicarse nova data). Os premios non poderán trocarse polo seu importe en metálico.

### 6. Normas de participación:

6.1. As persoas participantes soamente poderán presentar un único traballo por cada modalidade e categoría.

6.2. Os grupos estarán compostos por un máximo de 10 persoas. O espazo escénico que se ofrece aos grupos é un escenario de 10 x 8 mts. (no caso de traslado ao auditorio o espazo escénico será de 7,5 x 6,5 mts).

A organización poñerá a disposición dos participantes equipo de son (cada participante levará un pendrive co arquivo); 5 micrófonos de man ou 3 con pé.

6.3. Os participantes deberán ter en conta que o atrezzo que precisen para a actuación deberá ser de fácil montaxe e desmontaxe e adaptarse o espazo escénico.

6.4. A orde de actuación será por orde de inscrición, en todo caso poderá ser modificada pola organización baseándose en motivos técnicos ou meramente organizativos.

6.5. A duración máxima de cada actuación non deberá exceder os 5 minutos.

6.6. A temática é libre, parodiando calquera situación ou tema en tónica de humor.

Poderase empregar todo tipo de aderezo e caracterización. Quedarán prohibidos e serán vetados aqueles que a organización considere que conteñen temática ou linguaxe inadecuado, ou que incorran de maneira manifesta ou encuberta en calquera acto reprochable ou denunciante.

6.7. Os participantes deberán ter en conta as restricións establecidas para o control sanitario con motivo da COVID 19.

7. **Exhibición.** A organización resérvase o dereito de exhibir imaxes ou vídeos dos participantes nos lugares e datas que estime oportuno.

8. **Lei de protección de datos.** O tratamento dos datos persoais facilitados teñen como única finalidade a xestión da participación neste concurso en virtude da normativa que lle é de aplicación. Poden exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición a seu tratamento no correo electrónico [culturaterra@sanxenxo.org](mailto:culturaterra@sanxenxo.org). O dereito a presentar reclamación poderá exercerse ante a Agencia Española de Protección de Datos. Normativa aplicable: Ley Organica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales.

9. **Aceptación das bases.** A participación no concurso supón a aceptación íntegra das Bases, a expresa renuncia dos participantes e os seus representantes legais a realizar impugnación algunha sobre as mesmas e ao exercicio de calquera outra acción administrativa ou xudicial que puidera corresponderlles.

Para o non establecido nas Bases estará a decisión da organización. O Concello de Sanxenxo non se fai responsable do incumprimento das restricións con motivo da pandemia da COVID19.

Máis información en **Concellería de Educación e Cultura**  
telf: **986 727 936** ou e-mail: **culturaterra@sanxenxo.org**